

COMPOSTELANOS EN SU RINCÓN BENIGNO AMOR BARREIRO

«Reivindico a Rúa do Vilar»

Como seu pai, fai bandeira dunha cidade da que se confesa apaixonado

NACHO MIRÁS
SANTIAGO / LA VOZ

Zumega compostelanidade. Neto dun avó de Laraño; fillo dun pai do Camiño Novo e dunha nai da Rúa de San Pedro. Benigno Amor Barreiro (Santiago, 1967) tarda unha milésima de segundo en escoller un recanto no que se retratar para esta páxina: «Os soportais da Rúa do Vilar», di. «E que ten de especial este lugar? Todo. «Gústame por moitas cousas. Está a carón do Hórreo, onde temos negocio familiar; e sae tamén ilustrando a primeira edición de *La Casa de la Troia*, nun debuxo que fixera Castelao». A Casa da Troia: unha referencia na súa vida herdada de seu pai, Benigno Amor Rodríguez, impulsor incansable da obra de Alejandro Pérez Lugín e da antiga pensión de estudantes que, na literatura, rexentara dona Generosa Carollo.

Pero tamén hai na Rúa do Vilar moitos recordos de Benigno neno, dos refrescos no Suso co seu pai, co seu avó, cos seus irmáns José Manuel e Santi. «A Rúa do Vilar é a rúa da vila, tería que ser a principal rúa desta cidade e, tristemente, ao longo destes anos foron desaparecendo establecementos emblemáticos, como a propia Librería Galí; como a xoiería Lado; como Malde ou o Cine Yago... Os composteláns deberíamos reivindicala máis», di.

Profesionalmente, Benigno Amor Barreiro é o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, da Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural, do Clúster Mineral e Termal de Galicia e secretario da Cámara Mineira de Galicia. Tamén preside a Asociación de Antigos Tunos



Benigno Amor leva na man un paraguas que foi do seu pai, e que garda como un tesouro. Á. BALLESTEROS

DNI

Nome

Benigno Amor Barreiro

Nacemento

Santiago, 1967

Familia

O segundo fillo de Benigno Amor Rodríguez (1937-2009) e Aurora Barreiro.

Escolle como rincón

Os soportais da Rúa do Vilar que ilustraran, da man de Castelao, a primeira edición de *La Casa de la Troia*.

Composteláns, a entidade que xestiona o museo da Casa da Troia. «E de onde lle vén á familia Amor esa vinculación coa pensión de dona Generosa? Benigno explica que seu pai estudou Dereito en Santiago e chegou a tocar a pandeireta na tuna. «Pero meu avó —di— tiña

un bar no Camiño Novo, o bar Amor, que pechou a finais dos sesenta, e había que botar unha man, por iso non podía saír coa tuna tanto como quería. Nos oitenta propuxéronlle presidir a Asociación de Antigos Tunos e xa non o deixou». Amor pai era un home moi ligado á cidade, que participaba activamente na vida civil, e atopou naquela asociación un xeito de responder á Compostela que amaba con paixón.

Pedra de Compostela

«Somos pedra de Compostela», adoitan dicir Amor Rodríguez e un bo amigo que, coma el, gustaba de implicarse nas cousas da cidade, xente senlleira como Carril, o xefe de bombeiros, e tantos outros.

Tamén conta Benigno que a empresa familiar, a Axencia Amor, non deixa de ser unha vinculación co mundo universitario que tanta pegada deixou en Benigno pai, primeiro, e nos seus fillos por extensión; os estudantes que alugaron pisos a través desta firma poderían formar, seguramente, a tuna máis numerosa do mundo.

El mesmo chegou a tocar a guitarra na estudantina de Santiago, aínda que agora, cunha vida profesional e familiar intensa, está retirado. «A tuna é unha tradición que vén da idade media, co xurdir das universidades, cos estudantes que buscan tamén o sustento. Ten que ver coa tradición europea dos xogares, dos trobadores, dos goliardos», refire.

«A tuna aínda nos vincula a países de América como México ou Chile»

Benigno é un verdadeiro entusiasta da Tuna Compostelá e da súa historia. Gran conversador, recomenda un libro de Baldomero Cores para achegarse á historia de toda unha institución. «No ano 1888 —relata—, Cores conta como esta tuna viaxa ata Coimbra, é despedida con agasallos na estación de ferrocarril e fai unha viaxe triunfal por Portugal. O ano que vén cumpre o 125 aniversario daquela viaxe. Con esa formación viaxa xente como Castelao, personalidades senlleiros como Otero Acevedo, que era o seu presidente. Incluso tiveran problemas en Santiago, porque daban discursos en público de corte liberal e de irmandade con Portugal».

Cofecer este pasado é fundamental para valorar a tuna no presente porque, segundo defende Benigno Amor, a tuna encaixa perfectamente nunha cidade das características da capital de Galicia. «Aos que estivemos nela permitímonos viaxar, cofecer xente —engade—. Aínda que en España hoxe está algo de capa caída, e nunca mellor dito, en Sudamérica segue a haber moita tradición, incluso é unha compoñente que nos pode vincular con estes países, como México, Chile...».

Conectar recursos

Benigno Amor insiste na necesidade de que a cidade aproveite e integre os recursos dos que dispón, que non son menores. «Temos a Catedral, temos a Cidade da Cultura, pero temos outros moitos que poderían contribuir á dinamización socioeconómica de Santiago se estiveran ben conectados», defende. «Como exemplo pon a propia Casa da Troia, que ten dúas persoas contratadas cando está aberta, «o tempo que podemos», e que con apoios podería ter un horario máis amplo.

¿Oye pero no entiende?
Si oye mal **venga a Audiogal**

Audiogal, C/ Alfredo Brañas, 7 1ª (Junto al hotel Araganey) 15701 Santiago de Compostela.

Aproveche nuestro Pack 4*

- 4 años de **Garantía**
- 4 años de **Cobertura Robo, Pérdida o Rotura**
- 4 años de **Pilas Gratuitas**
- 40% de **descuento** en sus nuevos audífonos

*Consultar condiciones completas en Audiogal, promoción hasta fin de existencias.

Revisión Auditiva **completamente gratuita** sin compromiso.
Teléfono de consulta: **981 57 53 17**

AUDIOGAL
E-15-001140